

ACTO INSTITUCIONAL

HOMENAXE AO PROFESOR STAFFAN MÖRLING ODÉN

PROGRAMA

SINATURA PÚBLICA DE EXEMPLARES DA OBRA "LANCHAS E DORNAS"

LUGAR: **SALA AMALIA DOMÍNGUEZ BÚA**
Montero Ríos
Bueu

HORA: **18**

DÍA: **19 DE XANEIRO**

OTORGAMENTO DO TÍTULO DE FILLO ADOPTIVO DE BUEU

LUGAR: **CONCELLO DE BUEU**
Sala de Plenos
Eduardo Vincenti s/nº
Bueu

HORA: **18.30**

DÍA: **19 DE XANEIRO**

Desenvolvemento do acto

- Recepción das autoridades
- Sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal
- Discurso de dona Elena Estévez, alcaldesa do Excmo. Concello de Bueu.
- Imposición do Escudo-Insignia do Concello
- Concesión do diploma de Fillo Adoptivo

ACTO ACADÉMICO

LUGAR: **CENTRO SOCIAL DO MAR**
Montero Ríos s/nº
Bueu

HORA: **19**

DÍA: **19 DE XANEIRO**

Desenvolvemento do acto

- Preside e conduce o acto dona Carmen Gallego Calvar, conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos.
- Saúdos:
 - Dona Elena Estévez Freire, alcaldesa do Excmo. Concello de Bueu
 - Don Alfonso Zulueta de Haz, presidente do Consello da Cultura Galega
- Lectura das notas de adhesión á homenaxe máis destacadas por de Fernando Piñeiro, presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.
- Discursos:
 - Don Dionisio Pereira da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial
 - Don José Mª de Juan-García Aguado catedrático de Enxeñería Naval
 - Don César Portela, arquitecto
 - Don Francisco Javier Franco Suances, comandante-director da E.N.M.
- Proxección dun documental con imaxes rodadas por Mikael Mörling
- Intervención de dona Carmen Gallego Calvar, conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos
- Clausura do acto a cargo do profesor Staffan Mörling
- Interpretación do Hino Galego pola Banda de Gaitas Manxadoira

CEA DE AGASALLO AO HOMENAXEADO

LUGAR: **HOTEL BUEUMAR**
Avd. de Agrelo 10, Bueu
HORA: **21.30**
DÍA: **19 DE XANEIRO**

Información e reservas chamando ao teléfono 986 390 030
Custo do cuberto por persoa 35 €

ORGANIZAN

EXCMO. CONCELLO DE BUEU

ASOCIACIÓN DE AMIGOS DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS “OS GALOS” DE BUEU

FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL

COLABORAN

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS
DIRECCIÓN XERAL DE INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

ESCUELA NAVAL MILITAR DE MARÍN

HOTEL BUEUMAR

Apuntes curriculares

Lars Fredrick Staffan Mörling Odén naceu en Karlstad, capital da provincia de Vaermland (Suecia), el 31 de diciembre de 1936. Realizou os seus estudos académicos na Universidade de Lund, sendo titulado en Latín e Historia da Arte e especializado en Antropoloxía Cultural. Esta especialización foi a que o levou a Galicia, onde, con axuda do Ministerio de Asuntos Exteriores español e, posteriormente, do *Instituto de Historia y Cultura Naval*, documentou as embarcacións antigas. Como resultado desenvolveu o volume *Las embarcaciones tradicionales en Galicia*, publicado en 1989 pola Consellería de Pesca da Xunta de Galicia. A continuación, Staffan Mörling escribeu, para Hércules Ediciones, *Embarcaciones tradicionales*, e realizou diversos estudos sobre o tema, posteriormente editados polo Consello da Cultura Galega. Finalmente, resumeu as súas investigacións na tese doutoral *Lanchas and Dornas*, recentemente publicada pola mesma Consellería de Pesca.

O seu amor polo mundo dos barcos levou a Mörling a un posto de profesor civil de Idiomas na Escuela Naval Militar de Marín en 1966. Entre 1968 e 1970 foi subdirector do Museo de Varberg (Suecia), e xa en 1970 voltou a incorporarse, esta vez definitivamente, ao claustro de profesores da Escuela Naval.

A Staffan Mörling, entusiasta do estudio da historia e da cultura naval, tocoulle observar de cerca o proceso de modernización que converteu á Armada española na séptima forza naval do mundo. Ao longo da súa dilatada carreira, da súa pluma saíron traballos que tivo a satisfacción de publicar nas revistas internacionais *Navy News*, *Warship* y *Proceedings*, así como colaboracións excepcionais na *Revista General de Marina*.

En 1981 Mörling foi condecorado coa *Cruz del Mérito Naval* e en 1991 recibiu o *Diploma de Honor de los Premios “Virgen del Carmen”*. En decembro de 2001, tras unha importantísima labor docente, xubilouse como profesor da Escuela Naval tras ter formado a unha boa parte dos oficiais e almirantes da Armada.

Nota de contidos

O próximo día 19 de xaneiro pola tarde terá lugar unha homenaxe a Staffan Mörling Odén, promovido pola Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais Os Galos e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e conta tamén coa colaboración do Concello de Bueu. A esta homenaxe sumáronse xa institucións oficiais vencelladas cós campos da investigación e da docencia aos que o homenaxeado se adicou ao longo da súa vida profesional: a Escuela Naval Militar de Marín, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e o Consello da Cultura Galega.

Os convocantes do acto queren expresar o seu desexo de dar xusto recoñecemento a este ilustre conveciño de Bueu, excepcional exemplo de adicación á investigación etnolóxica, que fixo, e fai, unha excelente contribución ao coñecemento e difusión do patrimonio material e inmaterial galego coa análise da identidade económica e cultural das comunidades mariñeiras a traveso dunha vinculación afectiva que o levou a mergullarse na realidade do mar, prestando a súa máxima atención aos mariñeiros informantes. Esí, engadido a súa faceta de especialista riguroso, cabe destacar o carácter humanista e sensible que latexa na súa obra e que nos permite coñecer o que él mesmo define como “subcultura social”, un documento social que reflicte o sentir da xente do mar.

Sempre honrado no uso das fontes e exhaustivo e metódico nas súas investigacións, os diferentes estudos, publicacións e conferencias que fixo o profesor Mörling sobre as embarcacións tradicionais galegas, significaron un punto de partida para a recuperación dun patrimonio marítimo xa cáseque esquecido nas nosas rías e peiraos, e foi un dos factores determinantes que fixeron agromar as actividades da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, sólido tronco no que enrama a Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais Os Galos de Bueu.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos a través da súa Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, ven de completar a difusión da obra de Staffan Mörling coa publicación da súa tese de doutoramento que leva por título *Lanchas e dornas. A estabilidade cultural e a morfoloxía das embarcacións tradicionais de Galicia*, seguindo esí o labor recoñecemento do traballo que o profesor Mörling realizou por Galicia e a súa cultura mariñeira xa iniciado en 1989 coa publicación do libro *As embarcacións tradicionais de Galicia*.

Esta xornada pretende ser unha homenaxe sentida e querida para poñer de manifesto a grande importancia da obra dun investigador que, non nacido galego, contribúe como o mellor embaixador á difusión do patrimonio de Bueu e das Illas Ons. Por todo iso, consideramos que o profesor Mörling é merecedor da mención especial de Fillo Adoptivo, título que lle será otorgado polo Concello de Bueu e desesamos ter a honra de contar coa maior participación pública nestes actos ou, no seu defecto, recibir cartas de adhesión a esta homenaxe.